

DECRETO NÚMERO 17005953 DO 27/06/2017

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. APROBACIÓN DAS BASES E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN. (EXP. REF. 27-2017).**

Examinado o expediente e vistos:

1º.- Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 9 de xuño de 2017, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- Informe proposta da sección de cultura do Concello ao que se xuntan bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento para a autorización das instalacións das casetas e caldeiros do polbo durante das festas de San Froilán dos anos 2017, 2018 e 2019 relativas ás casetas e caldeiros num. 1 e 3.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Calquera outra disposición que sexa de aplicación as Entidades Locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

Primeiro. Por acordo num. 11/252 da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2017 se declarou extinguida e sen efecto as autorizacións concedidas por Decreto num. 16006980 de 19 de setembro de 2016 e Decreto num. 16007057 de 21 de setembro de 2016 para a instalación das CASETAS NÚMEROS UN E TRES e o CALDEIRO NÚMERO UN E TRES para as festas do San Froilán 2017, 2018 e 2019 á empresa BRUXA CONSULTING, S.L pola falta de pagamento en prazo das taxas correspondentes á ocupación de dominio público da dita instalación no presente ANO 2017 así como o inicio de un novo expediente de cara á adxudicación da autorización para a ocupación de dominio público das CASETAS NÚMEROS UN E TRES e o CALDEIRO NÚMERO UN E TRES coa aprobación das bases técnicas e económico-administrativas debendo publicarse anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

En data 7 de xuño de 2017 remítese por parte de Cultura as correspondentes Bases que rexerán o procedemento de autorización da instalación das casetas e caldeiros de polbo num. 1 e 3 para as Festas de San Froilán 2017-2018 e 2019.

Ao tratarse dun uso común especial -aínda que temporal- do dominio público local, e tal e como establece o Regulamento de Bens das Entidades Locais, estará suxeito a licenza que se outorgarán se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

Como queira que existe un número limitado de espazos autorizables (dous espazos para casetas e dous espazos para caldeiros) prevese un procedemento aberto de licitación que permite a concorrencia pública conforme ao establecido nos artigos 80 e seguintes do mesmo regulamento e na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, na actualidade o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aplicable só en canto esta normativa regula polo miúdo este tipo de procedementos de concorrencia pública.”.

2º.- Informe da Asesoría Xurídica deste Concello do día 13 de xuño de 2017, favorable á proposta remitida.

3º.- Informe da Intervención Municipal número 353/2017, do día 22 de xuño, relativo á fiscalización da proposta.

4º.- Correo electrónico da Sección de Cultura, de data 26 de xuño, informando que se continúe co procedemento.

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 15/358 do día 14 de xuño de 2017, polo que se aprobou a delegación da competencias na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2017, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as **BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE DAS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2017, 2018 E 2019 RELATIVAS ÁS CASETAS E CALDEIROS NUM. 1 E 3**, as cales teñen o seguinte teor literal:

BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2017-2018-2019, RELATIVAS ÁS CASETAS E CALDEIROS DE POLBO NÚMERO 1 E 3.

Primeira.- Obxecto do contrato

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de autorizacións para a instalación de **CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO NÚMEROS 1 E 3**, do plano do proxecto da Feira, no recinto feiral durante as Festas do San Froilán, nos anos 2017, 2018 e 2019.

Segunda.- Modalidade, situación, dimensións e canon

1.- O prezo ou canon que as e os titulares das concesións para a ocupación do terreo público están obrigadas e obrigados a satisfacer constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa, e ten por obxecto compensar ao Concello polo aproveitamento especial do dominio público por parte das e dos beneficiarios, así como pola prestación dos servizos municipais inherentes a este tipo de utilización.

2.- Os prezos de saída e dimensións, que se xuntan a estas bases, están elaborados de conformidade con parágrafo c) Festas de San Froilán, epígrafe e) artigo 4 da Ordenanza fiscal 152 "Taxas por aproveitamento da vía pública".

3.- O recinto feiral e a súa distribución queda determinado no plano do Proxecto da feira.

4.- As casetas e caldeiros do polbo instalaranse na rúa Vila de Foz, no recinto do feiral San Froilán, de acordo co plano que se xunta.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

As dimensións máximas das casetas serán de 33,00x8,80 metros, e as dos postos dos caldeiros do polbo de 11,00x4,00 metros, de acordo coa localización destinada no proxecto, ou subsidiariamente no que determine o Comisario do Feiral.

As casetas permitiráselles, dun modo transitorio, establecer uns saíntes cara ás Costas do Parque, sempre que a zona verde o permita (árbores, plantacións, etc.), cun máximo de 12,50x3,50 metros e 44 metros cadrados de superficie, para albergar os vestiarios e mais os servizos hixiénicos esixidos pola normativa vixente.

O enganche, consumo de electricidade, auga e o servizo de recollida de lixo correrá a cargo da ou do adxudicatario.

5.- Os prezos mínimos para a licitación das casetas e caldeiros do polbo serán os que a continuación se detallan:

CASSETAS:

CASETA	PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN
Nº 1	18.772,79 euros
Nº 3	16.627,33 euros

Criterios de valoración:

	Dimensións fixas	Adxudicación	Situación	Categoría
Caseta 1	0	0	75 %	0
Caseta 3	0	0	55 %	0

Taxa por ocupación da vía pública (ordenanza fiscal núm. 52)----- 325,07 € m/l

CALDEIROS:

CALDEIRO	PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN
Nº 1	11.714,22 euros
Nº 3	10.375,46 euros

Criterios de valoración:

	Dimensións fixas	Adxudicación	Situación	Categoría
Caldeiro 1	20%	20%	75 %	30%
Caldeiro 3	20%	20%	55 %	30%

Taxa por ocupación da vía pública (ordenanza fiscal núm. 52)----- 325,07 € m/l

Establecerase ademais un canon especial, onde se inclúe a recollida de lixo e a subministración de auga.

No caso de quedar deserto algún dos espazos, o Excmo. Concello procederá á súa adxudicación nos termos que legalmente procedan.

Terceira.- Duración da ocupación

1.- Tanto a data de montaxe/desmuntaxe das casetas e caldeiros como o período de funcionamento do feiral serán fixados polo Concello cada ano, tomaranse como base as datas de celebración das Festas do San Froilán.

2.- Para o ano 2017, poderán iniciar a montaxe o día 11 de setembro e comezar a actividade o día 29 de setembro, e manterse en funcionamento ata o día 1 de novembro. O Comisario do Feiral estará facultado para permitir a montaxe con anterioridade á data sinalada a aquelas casetas que, tras solicitude, pola súa grande envergadura ou complexidade así o demanden. Para os anos 2018 e 2019, estas datas fixaranse oportunamente para cada anualidade por parte da Comisión de Festas do Concello de Lugo.

3.- O primeiro día das festas, cando se proceda á inauguración do feiral, deberán estar montadas as casetas e caldeiros obxecto da adxudicación. A partir dese día, o Concello non garante o acceso á parcela adxudicada. No caso de que a ou o adxudicatario non puidera acceder a ela, sen molestar ás xa instaladas, perderá automaticamente os dereitos de ocupación dos terreos adxudicados, así como a devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.

4.- A ou o adxudicatario non poderá proceder á montaxe da caseta ou posto do caldeiro ata que o Comisario do Feiral sinala a localización e os límites de cada parcela.

Cuarta.- Período de vixencia das autorizacións

1.- As autorizacións obxecto destas bases terán unha vixencia de tres anos: 2017-2018-2019.

2.- A taxa de ocupación correspondente ao San Froilán 2017 ingresarase na conta bancaria (ABANCA ES59 2080 0101 563110000947; BBVA ES02 01 8262 1956 0200270328; CAIXABANK ES 08 2100 5850 070200014045; BANCO SABADELL ES35 0081 2141 6600 0102 4611), con indicación do nome de adxudicatario/a, DNI ou NIF, e indicando expresamente "adxudicación casetas e caldeiros de polbo San Froilán 2017, no prazo que se determina na notificación da adxudicación da concesión.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

3. As taxas de ocupación correspondentes ás Festas de San Froilán 2017 deberán estar ingresadas na súa totalidade con anterioridade ao inicio da montaxe das casetas ou caldeiros.

As taxas correspondentes aos anos 2018 e 2019 serán as que procedan conforme as ordenanzas fiscais vixentes respecto das adxudicacións concedidas, e ingresaranse antes do remate do mes de abril de cada ano. Cando o importe das taxas relativas aos anos 2018 e 2019 sufran unha modificación por riba do 1 %, as e os adxudicatarios poderán renunciar á autorización concedida do dominio público sen que esta circunstancia implique a incautación da garantía.

De non aboarse as taxas no prazo establecido, quedará extinguida e sen efecto a autorización sen prexuízo das consecuencias indemnizatorias que procedan, e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento regulamentario.

Cando por causas imputables á beneficiaria ou ao beneficiario o dereito ao uso común especial do dominio público autorizado non se leve a cabo, non procederá a devolución do importe da taxa ofertada.

Quinta.- Anuncio de licitación e prazos de presentación de proposicións

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA días hábiles** (art. 96 da Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas) contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (ronda da Muralla, 197, 27002 Lugo), en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo postal. No suposto de que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ao seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo postal, a ou o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día da remisión da oferta (fax: 982 29 72 59).

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Sexta. Procedemento e forma de licitación. Requisitos

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante licitación pública co fin de garantir o principio de igualdade e concorrencia das e dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art. 78.2 do Regulamento de bens das entidades locais).

Están facultadas para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dadas de alta e ao corrente no pagamento no IAE na epígrafe correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebración da festa.

Así mesmo, as e os licitadores deberán atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O Concello comprobará de oficio que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo.

Así mesmo, o Concello de Lugo poderá comprobar de oficio – logo de autorización das e dos interesados – que se atopan ao corrente coas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social-

As e os autorizados deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade para o que deberán contar co **seguro de responsabilidade civil** en vigor durante a Festa de San Froilán que a continuación se indican:

As e os titulares das concesións, tanto para a instalación de casetas como para postos para caldeiros de polbo, deberán ter en vigor un seguro de responsabilidade civil que conteña cobertura de produtos e cun límite mínimo de 600.000 euros e un sublímite por vítima mínimo de 150.000 euros.

Sétima.- Documentación que deben presentar as persoas interesadas en participar no procedemento de licitación

As e os interesados en participar, no prazo indicado anteriormente, **presentarán unha instancia ou escrito** conforme ao modelo do **ANEXO II “PRESENTACIÓN DE PLICAS”** onde se indican os seus datos persoais e o procedemento ao que concorre **acompañada de DOUS SOBRES PECHADOS**, asinados pola ou polo propoñente ou pola ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (**PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017)**), así como o nome e o NIF da ou do interesado.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA.

No caso de que algunha das instancias e dos sobres presentados non conteñan os datos indicados nesta cláusula que permitan identificar correctamente á ou ao licitador, poderá ser rexeitada pola comisión de avaliación.

1.- DENTRO DO **SOBRE A “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”** (CON IDENTIFICACIÓN NO EXTERIOR DO TÍTULO **“PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017).”** E NOME E NIF DA OU DO LICITADOR) INCLUIRÁN:

1.- **DNI da persoa licitadora**, se se trata de empresario ou empresaria individual, ou **escritura de constitución** de tratarse dunha persoa xurídica, debidamente inscrita no correspondente rexistro.

2.- **Poder bastantado**: quen compareza ou firme proposicións representando a outra persoa ou entidade presentará poder debidamente bastantado pola Asesoría Xurídica Municipal ou funcionaria/o do Servizo de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, habilitada/o para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ao remate do prazo de presentación da documentación, das 9:30 ás 14:00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil.

3.- Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non ter débedas con este organismo.

Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Festa de San Froilán polo que terase en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrese que estes certificados teñen unha vixencia de seis meses dende a expedición). No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración das festas, deberá presentarse un certificado novo con anterioridade ao inicio da montaxe.

4.- Certificado en vigor expedido pola Seguridade Social de non ter débedas con este organismo.

Este certificado deberá estar vixente no momento da celebración da Festa de San Froilán, polo que se terá en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrese que estes certificados teñen unha vixencia de seis meses dende a expedición).

No caso de que a vixencia deste certificado caducase antes das datas de celebración das festas, deberá presentarse un certificado novo con anterioridade ao inicio da montaxe.

A comprobación do cumprimento de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello. Así mesmo e tras autorización das e dos interesados, as certificacións positivas da AEAT e da Seguridade Social poderán obterse de oficio polo Concello.

5.- Copia da alta na epígrafe correspondente do IAE e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.

As e os licitadores poderán substituír a presentación da documentación sinalada nos apartados 3, 4 e 5 por unha declaración responsable (ANEXO I) outorgada ante o Concello de Lugo, notaria/o ou organismo profesional cualificado de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar, así mesmo, que a ou o licitador está dada/o de alta no IAE na epígrafe correspondente non tendo causado baixa neste.

Non obstante, as e os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionadas/os para ser adxudicatarias/os, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e nestas bases.

As e os adxudicatarios deberán presentar anualmente, antes do inicio da montaxe das atraccións, a documentación requirida.

2.- DENTRO DO **SOBRE B “OFERTA”** (CON IDENTIFICACIÓN NO EXTERIOR DO TÍTULO “**PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017)**” E NOME E NIF DA OU DO LICITADOR), INCLUIRÁN O MODELO DE SOLICITUDE SEGUINTE:

OFERTA ECONÓMICA

D.ª/D. _____, con enderezo en _____ DNI _____, en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar, en nome propio (ou en representación de _____, con DNI ou CIF _____) fai constar:

a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Lugo para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017).**

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

b) Que opta á adxudicación da autorización municipal para a instalación das seguintes casetas e caldeiros, e ofrece os seguintes prezos ao Concello:

Caseta 1 euros
Caseta 3 euros
Caldeiro 1 euros
Caldeiro 3 euros

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven destas bases e das bases técnicas, como licitador/a e como adxudicatario/a, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Lugo, data e sinatura.

A presentación de documentación en sobres abertos ou a presentación dentro do sobre A da oferta e datos que deban ir dentro do sobre B implicará automaticamente a exclusión do procedemento.

Oitava.- Indemnización por danos no dominio público. Imposición de sancións. Garantía

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público, a ou o beneficiario estará obrigada ou obrigado a reparar os danos ocasionados á súa custa, e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables, a ou o beneficiario indemnizará ao Concello de Lugo na contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do estrago causado, e quedará imposibilitada/o para participar nos procedementos para autorización da instalación de casetas e caldeiros nas vindeiras edicións da Festa de San Froilán nos cinco anos seguintes.

De conformidade co artigo 92 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, resulta esixible a constitución de **garantía definitiva que responda do uso do dominio público e da súa reposición ou reparación ou indemnización no caso de danos**. Esta garantía tamén responderá do cumprimento das obrigas derivadas destas bases.

O **importe desta garantía é do 5% do importe anual ofertado** de acordo co artigo 92.6 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, e aboarase no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte a aquel en que se notifique a resolución pola que se autoriza a ocupación.

De non cumprirse este requisito en prazo, entenderase que a ou o licitador retirou a súa oferta, e procederase neste caso a solicitar a mesma documentación á ou ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do texto refundido da Lei de contratos do sector públicos, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía estará en vigor ata o remate do período de autorización demanial (2017-2019) co fin de responder dos posibles danos ou deterioracións que poidan orixinarse.

Para a devolución da citada garantía definitiva será necesario o informe favorable do/a Comisario/a do Feiral, e esta será devolta ou ingresada en conta bancaria, unha vez rematado o período de adxudicación (2019), para o cal a persoa interesada deberá presentar, se é o caso, na oficina de Tesourería do Concello certificado bancario a nome da persoa adxudicataria, indicando que o número de conta corresponde coa persoa adxudicataria. No suposto que a citada garantía teña que ser utilizada, o/a adxudicatario/a verase obrigado/a a repoñela.

Novena.- Criterios de adxudicación

O criterio de adxudicación para a selección das e dos adxudicatarios das autorizacións será unicamente a oferta económica. Obterá a máxima puntuación a proposición que ofrezca o prezo máis alto para cada caseta ou caldeiro. Obterán 0 puntos as proposicións que ofrezan o prezo de saída na licitación e as restantes valoraranse de xeito proporcional. No caso de empate, concederase un segundo prazo de tres días hábiles para realizar unha nova proposición ás empresas que ofrecen a mesma cantidade.

Décima: Procedemento de adxudicación

O acto de apertura do sobre B celebrarase o segundo día hábil, contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se o dito día

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por medio distinto ao rexistro de entrada do Concello.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ao sinalado así como nos casos de celebración de sesións da comisión avaliadora que deban realizarse en acto público, as e os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

De conformidade cos criterios da Comisión de Festas e co ánimo de dotala dun perfil técnico, para o outorgamento da autorización para o uso especial do dominio público, o órgano competente estará asistido por unha comisión avaliadora integrada polos seguintes membros:

- Un/unha traballador/a da Sección de Cultura,
- O Arquitecto Técnico Municipal
- Un/unha traballador/a do Servizo de Contratación
- O Comisario do feiral

A comisión avaliadora cualificará a documentación presentada. Poderá conceder un prazo de tres días hábiles para a corrección de erros e/ou a falta de documentación esixida.

A comisión avaliará as ofertas presentadas, e realizará, tendo en conta os criterios de adxudicación establecidos, unha proposta de adxudicación ao órgano competente do Concello.

Unha vez seleccionadas as ofertas economicamente máis vantaxosas segundo os criterios de adxudicación establecidos nestas bases, requiriráselles ás e aos licitadores que presentasen estas ofertas para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presenten a documentación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente. **No requirimento indicarse o importe da garantía que debe prestar (5% do importe anual ofertado). Deberá presentarse igualmente a copia do seguro de responsabilidade civil esixido no apartado sexto destas bases.**

De non cubrirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a ou o licitador retira a súa oferta, e non se efectuará a adxudicación ao seu favor. Procederase, nese caso, a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano competente efectuará a adxudicación dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación, notificaráselles ás e aos candidatos ou licitadoras e licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil da e do contratante

Se tras a selección feita pola comisión quedasen casetas ou caldeiros sen cubrir, esta invitará ás e aos interesados que presentaron oferta, pero non foron seleccionadas/os por calquera circunstancia para os efectos de que, se o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de cinco días hábiles dende a invitación nova oferta de prezo para algunha das casetas ou caldeiros que quedaron vacantes.

Se quedasen casetas ou caldeiros desertos, o Concello sacará cada ano a licitación estas, e o mesmo ocorrerá con aquelas ás que as e os seus adxudicatarios renunciasesen.

O prezo ofrecido (taxa) correspondente ás festas **ingresarase nos prazos que se indican no apartado cuarto destas bases.**

De non aboarse o importe ofrecido nos prazos establecidos, quedará extinguida e sen efecto a autorización, e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.

Décimo primeira. Obras e instalacións

11.1 Autorización da apertura

Unha vez notificada a adxudicación e aboado o prezo establecido, será preceptivo para poder obter a autorización municipal para proceder á montaxe e posterior apertura para o desenvolvemento da actividade que a ou o adxudicatario presente previamente unha **declaración responsable e un proxecto técnico das instalacións** (distribución, fachadas, cubertas, deseño interior, etc.), asinado por persoal técnico competente, no que se reflectan as condicións para a xustificación e cumprimento da normativa de aplicación para este tipo de actividades coa excepción das que, a xuízo do persoal técnico municipal e dadas as características de eventualidade, contorno e datas de implantación, se estime a súa exención no seu cumprimento:

- Xustificación do cumprimento CTE DB-HE
- Xustificación do cumprimento CTE DB-HS
- Xustificación do cumprimento CTE DB-SI
- Xustificación do cumprimento CTE DB-SU
- Seguridade de utilización.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

- Norma básica NBE-CA-88 “Condicions acústicas dos edificios”.
- Regulación do ruído na edificación.
- Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica.
- Memoria xustificativa de accesibilidade:
 - Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na C.A de Galicia.
 - Xustificación da Ordenanza municipal de barreiras arquitectónicas (BOP 15 de xullo 1997 e 28 decembro 2004).
- Normativa medioambiental.
- Seguridade e saúde.

11.2.- Volumetría e cabida

Serán construcións provisionais deseñadas de tal xeito que faciliten a súa montaxe e desmontaxe, de planta baixa e dimensións máximas en superficie establecidas pola ocupación do espazo público para a súa implantación descrita nestas bases técnicas. Non se autorizarán voos fóra do espazo preestablecido. A configuración externa e interna debe atender ás características dunha construción típica de feira, non dun restaurante ao uso.

11.3.- Distribución interior

A distribución interior realizarase separando completa e totalmente as zonas de atención ao público do resto de dependencias auxiliares, cocifas, almacéns, vestiarios, servizos hixiénicos e cuartos de lixo, dimensionándose en función das necesidades da actividade a desenvolver e da normativa.

11.4.- Aspectos construtivos

A estrutura ensamblarase mediante solucións metálicas ou de madeira, combinando piares, vigas e/ou cimbras para o apoio de correas para a sustentación da cuberta de lousa ou imitación, que se resolverá a unha ou dúas augas.

Os cerramentos laterais cubrirán todo o perímetro da edificación. Resolveranse de igual xeito que a tabiquería interior en taboleiros ensamblados á estrutura. Estes poderán ser de madeira ou similares. Neles dimensionaranse os ocos precisos para a localización de fiestras e portas practicables para satisfacer a iluminación, ventilación e ocos de paso dos locais.

O pavimento resolverase illado do chan mediante unha armazón que garanta o illamento e a ausencia de humidade, ademais de evitar danos no pavimento da vía existente.

O exterior pintarase con pintura plástica, en tons claros, e levará o seu correspondente rótulo.

O interior irá decorado en función do seu uso, caseta de feira específica para polbo e comida tradicional referida ao San Froilán clásico, da que se debora facilitar esbozo-deseño previo

Nas casetas que instalen aire acondicionado ou estruturas purificadoras de aire como extractores, humidificadores, etc., deberán colocar as saídas destes aparatos no exterior da caseta, como mínimo a 3 metros do chan e, en ningún caso, cara á fachada.

É obrigada a instalación dun extintor polivalente antibrasa, dotado de comprobador de presión e en perfectas condicións, por cada 100 metros cadrados. E a sinalización clara e concisa de evacuación e da localización das saídas de emerxencia.

As instalacións serán as necesarias en función da actividade que se vai desenvolver e serán deseñadas e dimensionadas para o cumprimento da normativa que lle sexa de aplicación en cada caso, incluíndo as normas hixiénico-sanitarias obrigatorias.

11.5.- Acabados

Realizaranse acordes á actividade que se vai desenvolver, garantindo o ornato público así como a súa conservación e mantemento, procurando unha decoración ornamental que respecte a tipoloxía tradicional feiral galega e o seu contorno de implantación.

11.6.- Acometidas

As acometidas provisionais para dar servizo ás instalacións realizaranse aos distintos servizos públicos unicamente nos puntos e localización previamente establecidos polos servizos municipais e nas condicións que estes establezan. Correrán a cargo da ou do adxudicatario.

Tanto as casetas como postos para os caldeiros deberán ter exposto ao público, en carteis ben visibles, cunhas dimensións de 30 x 20 cm os cadros dos prezos básicos tales como pan, viño, polbo e patacas que, en todo caso, non poderán ser superiores aos recollidos neste prego.

11.7.- Seguridade

No proxecto técnico aportado deberá vir recollido especificamente a cabida máxima legalmente permitida e a recomendable proposta, o nivel de ocupación, os planos de emerxencia, cos itinerarios de evacuación, saídas e medidas para adoptar.

11.8.- Excepcionalidade

Con carácter totalmente excepcional e puntual, e sempre que quedase previamente deserto algún posto, podería ser autorizable a instalación dunha caseta de feira, de iguais dimensións as pre-establecidas, máis simples na zona de comedor, pero de

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

iguais características nas zonas restrinxidas (barra, aseos, almacéns, etc.) e de cociña.

En todo caso, a súa solicitude deberá vir avalada, xustificada e certificada por técnica/o ou empresa competente que garanta en todo momento o cumprimento e as obrigas da normativa vixente de aplicación para a súa autorización e posterior instalación, se é o caso.

Tanto as casetas como os caldeiros deberán cumprir coas normas hixiénico-sanitarias para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas

Décimo segunda.- Tarifa de prezos

CONCEPTO	CANTIDADES	PREZOS
RACIÓN DE POLBO	250 GRAMOS	Oito euros (8,00 €)
RACIÓN DE PAN	200 GRAMOS	Un euro con cincuenta céntimos (1,50 €)
RACIÓN DE CACHELOS	200 GRAMOS	Un euro con cincuenta céntimos (1,50 €)
BOTELLA DE VIÑO DE MESA	¼ DE LITRO	Catro euros con quince céntimos (4,15) €

As casetas poderán ofrecerlle ao público outros alimentos e bebidas complementarios non regulados neste prego, e deberán colocar, tanto no interior como no exterior da instalación, o cadro de prezos autorizado, visado polo Concello, para coñecemento do público. Os alimentos e bebidas incluídas na carta das casetas deberán ser produtos típicos e tradicionais da gastronomía galega, e non serán autorizadas cartas que inclúan pratos e produtos que non se correspondan coa tradición da feira.

Décimo terceira.- Dereitos e obrigas

1.- Dereitos

As e os adxudicatarios terán dereito ao exercicio da actividade, de acordo co establecido neste prego.

2.- Obrigas

- As e os adxudicatarios para a instalación das casetas e dos postos de caldeiros de polbo deberán obter, antes da súa posta en funcionamento, a pertinente autorización municipal para a súa apertura, conforme os proxectos presentados, referendados por un certificado técnico de conformidade co proxectado e o cumprimento da normativa vixente de aplicación

- As e os adxudicatarios, así como todo o persoal que preste os seus servizos nelas, deberán cumprir escrupulosamente coa normativa sanitaria vixente.
- A ou o contratista comprométese á prestación do servizo. Percibirán das e dos usuarios a contraprestación económica estipulada nas tarifas de prezos aprobadas.
- As e os titulares das concesións, tanto para a instalación de casetas como para postos para caldeiros de polbo, deberán ter en vigor un seguro de responsabilidade civil que conteña cobertura de produtos e cun límite mínimo de 600.000 euros e un sublímite por vítima mínimo de 150.000 euros.
- As e os adxudicatarios observarán co público usuario do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adoptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ao establecido para o funcionamento.
- A ou o adxudicatario cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- As e os adxudicatarios están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en material laboral, da Seguridade Social e hixiene no traballo.
- Antes da montaxe de cada caseta, a ou o adxudicatario está obrigado a colocar no pavimento unha manta protectora para evitar posibles danos nel, excepto aquelas que instalen o chan antes da estrutura. Así mesmo, os caldeiros de polbo deberán estar illados do chan con algún material resistente á calor.

O incumprimento destas obrigas por parte da ou do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado pola ou polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte da ou do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais esta ou este o deber de facilitarlle ao Concello canta información ou documentación lle solicítase calquera dos seus departamentos.

Décimo cuarta.- Prohibicións

Ao montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da concesión, queda totalmente prohibido:

- Utilizar ou aproveitar o dominio público local sen autorización municipal.
- Utilizar ou aproveitar espazo de dominio público local a maiores do autorizado, modificar as características do aproveitamento ou introducir calquera alteración deste sen a correspondente autorización.
- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Acumular desperdicios no exterior das casetas e dos postos dos caldeiros.
- A elaboración doutros produtos diferentes ao polbo nos postos para os caldeiros.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo existente. Así como cravar elementos punzantes no pavimento.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordos perimetrais, etc.) manteranse perfectamente conservados.
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polo persoal técnico municipal e a modificación da localización da actividade unha vez verificado.

Décimo quinta. Infraccións

Serán consideradas como incumprimentos leves:

- Falsear as necesidades de subministración eléctrica.
- Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle destino distinto.
- Invadir, pisar e amontoar materiais nas zonas verdes, así como suxeitar nelas calquera elemento de sustentación ou apoio.
- Estragar, arrincar ou pisar sebes vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas das árbores ou arbustos.
- Cravar elementos punzantes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de auga ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo existente.
- O mal uso ou danos do mobiliario urbano, tal como bancos, papeleiras, fontes, bordos, etc.
- Trato desconsiderado ao público e usuarias e usuarios.
- Non cumprir as ordes do Comisario do Feiral e dos diferentes servizos municipais.

Serán considerados como incumprimentos graves:

- Cravar elementos punzantes no pavimento.
- O incumprimento ou a alteración das circunstancias que motivaron a concesión.
- As deficiencias das condicións de seguridade e mantemento de hixiene e salubridade das instalacións.
- As deficiencias na prestación dos servizos debidos nos termos convidados, sempre que iso lles cause prexuízos graves aos intereses da clientela.
- Non expedir factura ou xustificante de pagamento polos servizos prestados.
- A percepción de prezos distintos aos exhibidos ou notificados á clientela.
- A facturación de conceptos non incluídos nos servizos efectuados.
- O trato ofensivo incorrecto á clientela.
- A realización de verteduras non autorizadas ou de actividades que infrinxan a normativa en materia de medio ambiente.

Considéranse infraccións moi graves:

- O deficiente estado das instalacións e condicións hixiénicas ou de seguridade que supoña grave risco para o público usuario.
- A falla de cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria.

Décimo sexta. Graduación das sancións

Para a graduación do importe das sancións, consideraranse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O incumprimento espontáneo das obrigas ou dos deberes formais e o atraso naquel.
- b) A reparación voluntaria dos danos
- c) As perdas ocasionados ás e aos particulares.
- d) O beneficio ilícito obtido.
- e) A transcendencia social da infracción.
- f) As repercusións negativas para a imaxe das Festas do San Froilán.

Décimo sétima.- Determinación das sancións

Os incumprimentos poderán ser sancionados:

As infraccións leves, con apercibimento ou multa de ata 1.000,00 euros.

As infraccións graves, con multa de ata 2.000,00 euros

As infraccións moi graves, con multa de ata 3.000,00 euros.

Nos casos de infraccións graves ou moi graves poderase impoñer como sanción accesoria a extinción da concesión.

ANEXO I MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco DNI n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar no **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017)**, declaro baixo a miña **responsabilidade**:

Que a persoa asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e as e os administradores e representantes desta teñen plena capacidade de obrar se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no imposto de actividades económicas, e ao corrente do seu pagamento, se é o caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

Todo iso sen prexuízo de que en caso de ser seleccionada/o a xustificación fidedigna de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.


Así mesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, nos termos establecidos nelas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece as bases técnicas e administrativas que serven de base a este procedemento de licitación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Así mesmo, **autorízolle** ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura da o ou licitador)

 Concello de Lugo		
ANEXO A“PRESENTACIÓN DE PLICAS”		
DATOS DO LICITADOR		
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)		
ENDEREZO:		
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.	<input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> TARXETA				
	<input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
	<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA				

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPT. REF. 27-2017
DENOMINACIÓN: PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASSETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1 E 3 DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019. (EXP. REF. 27-2017).

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: documentación administrativa. SOBRE B: oferta económica .
--

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1498554234381.doc

Asunto:

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo e continuar a tramitación do expediente.

Cúmprase.